

ENTREVISTA | ANTONIO REIGOSA

ESCRITOR MINDONIENSE, INVESTIGADOR DA MITOLOXÍA E DA LITERATURA ORAL GALEGA

«Aquí na costa abundan as lendas de sereas, serpes mariñas e baleas»


O autor mariñán deu onte unha das charlas do último ciclo de conferencias de Mariña Patrimonio, falando dos mitos e os monstros desta zona

Y. García

FOZ | A librería focense Bahía acolleu onte á noite a charla do escritor Antonio Reigosa (Mondoñedo, 1958) *Mitos e monstros da Mariña*, do ciclo «Patrimonio inmaterial» de Mariña Patrimonio, na que deu repaso o máis significativo dos lugares con referencia ou lenda arredor dun ser mítico ou monstro.

—Mencione algunha das esas vellas e ricas historias.

—Falo das cidades asolagadas ou desaparecidas, como Estabañón, Brea na Cova do Rei Cintolo, Vilachá en Barreiros e dunha da que me tiven nova hai pouco, Alegrín en O Vicedo, e ten que ver con habitantes que non se metían en llos... e esa foi a súa perdición. A praia onde supostamente estaba chamábase Alegrín, en Suegos. Por outro lado, o mito do Medulio se estende por toda Galicia e na A Mariña localizárase na Medela, en Xove. Nin sei quen nin cando nin como difunde a lenda do Medulio na Medela. Polo visto, hai un lugar no seu entorno chamado Teixide, que certificaría que o mito sucedera alí. Teixide é o lugar dos teixos onde sacan o veneno que tomarían os castreos antes que entregárase aos romanos. É unha das ubicacións supostas. É puro mito, como feito histórico. Se di tamén que está en Santa Tegra, Castro de Rei... onde estea un monte algo alto. Tamén falo de varios lugares onde hai lenda explicativa das orixes. Así, dise que a cor amarrónada da auga da Poza da Ferida é por unha xiganta que levaba estrume e caeu alí. En Portocelo tamén se fala dunha casa encantada, mesmo se



Antonio Reigosa, escritor, traballa no Museo Provincial de Lugo (a.e.)

di que foi asolagado, as Penas de Salsa en Fazouro un lugar moi interesante onde se fala de encantos, dun sitio perigoso, que tamén se refire ao rito de rachalo hábito. A alma dun morto que foi malo se lle aparecera a un o vivo pero este foi listo rachoulle o hábito de arriba a abaixo para que non o levára ao inferno.

—Toda esa fantasía popular non debería perderse.

—Isto é unha patrimonio inmaterial e non hai sensibilidade social, nin política nin administrativa... Se hai unha capela con valor sempre hai algún que vai chorar por ela, pero cando desaparece un patrimonio vaise coa xente que non foi capaz de transmitilo porque non tiña quen

a escoitara.

—Cando fala da transmisión de lendas e contos, venme a imaxe do avó contando historias ao neto. Iso pasa cada vez menos, ¿non?

—Eu négome a aceptar que so é unha cousa bucólica, dos vellos, cando é un patrimonio que nos pode facer pasar un rato ben. Hai cantidade de xente que está contactando comigo a través da web de Galicia Encantada. Internet permite a comunicación e creo que Galicia Encantada como páxina é moi útil para os galegos do mundo. Fixen unha recompilación de literatura oral imposible na Galicia real, pero a través dela un neto dun que emigra a principios do século XX contoume historias da aldea

do seu avó onde hoxe xa non vivía ningún.

—Conservar esas historias podería ser outro atractivo turístico para a comarca.

—Ten unha vertente turística. A mitoloxía grega e romana son mitoloxías de poder e parecen máis importantes pero non son máis que a popular. Neste tipo de patrimonio o delicado está en que quen queira explotar turisticamente este tipo de recursos, ou ten a sensibilidade suficiente para poñer en valor ese patrimonio ou se queda en reserva india e para iso xa están os parques de Disney por todo o mundo. Pero facéndoo ben... Por exemplo, sobre a lenda da Poza da Ferida podes facer tonterías ou organizar unha ruta de sendeirismo e facela máis atractiva, contando esas historias. E non fai falla facer máis nada. Unha lenda como a da A Maruxaina deu unha festa estupenda. O que me parecería fatal sería desvirtualla.

—E na costa tamén abundan esas lendas mariñas.

—Si, de sereas, a serpe mariña de San Cibrao (que ten paralelismo coa serpe do encoro de Río Covo que eu recordo construír), a balea xigante... O mar é lugar de mitos e monstros na Mariña.

—Ou sexa, que temos tamén o noso propio «Nessi», coma no lago escocés Ness.

—Dese tipo de historias hai a centos en Galicia, a patadas. Nunha lagoa en Xermade, na de Cospeito, a serpe de San Cibrao, hai a tira... Pero esta cultura que vai asociada a clases marxinais non ten mérito salvo que algún tipo a saiba explotar como se fixo coa Maruxaina.